

FEDENOVA

Boletín informativo da Federación de
Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia

XANEIRO DE 2022



Nesta publicación

- . Limiar: Transportadora de estrelas
- . A Luz da Paz, dende Belén a Compostela | Don Bosco
- . Quilaborando a tope | Amencer
- . Resultados da Operación Quilo | Abeiro
- . Conciliación familiar con estilo salesiano | Abertal
- . Un Nadal apaixonado | Ateibo
- . Obradoiros en Allariz
- . Festa de fin de ano conxunta
- . Propostas para o verán desde Pastoral xuvenil



© Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia

Boletín informativo FEDENOVA | nº 3

Ano de edición: 2022

Coordinación: Xulio César Iglesias

Redacción: Manu Barreiro, Beatriz Dosío, Xesús Vilas, Paula Filgueira, Xulio Vilar

Revisión e maquetación: Adrián Rodríguez



Limiar | Transportadora de estrelas

EQUIPO REDACCIÓN - OURENSE



Moitas veces encontrámonos con rapazas e rapaces sen ilusión, queimados, “vexetando” máis que vivindo, esgotados de non facer nada, amarrados a cacharos electrónicos que aumentan a pasividade e a desgana de saír dun mesmo...

É neste intre cando unha persoa transportadora de estrelas ten que actuar rapidamente e espallar nese ambiente e nesa xente infinidade de estrelas para que o seu ceo se encha de luces que iluminen o seu camiño na vida vivida.

O truco desta transportadora de estrelas é captar cara a onde mira cada rapaz ou

rapaza. Prestar atención a cando o seu corazón vibra dun xeito especial. Observar cando se lles pon a pel de galiña. Descubrir todo o que hai detrás dese rostro que a simple vista é inexpresivo pero que manifesta todo o que sofre, soña ou anhela, mirándoo cara a cara.

Eliminar esa brétema que moita da nosa rapazada ten arredor do seu corpo, da súa vida.

Como ben te darás de conta, non é regalar estrelas alleas senón espallar estrelas das que cadaquén leva dentro do seu corazón... Unha grata e boa misión!



A Luz da Paz, dende Belén a Compostela

DON BOSCO- SANTIAGO

O reparto da Luz da Paz de Belén empezou este ano en España dende Compostela coa celebración organizada polos scouts de MSC na catedral o 12 de decembro. Dende alí, a luz foise levando de man e man por todo o territorio.

Da man dos rotas de Khanhiwara, o centro xuvenil organizou tamén un reparto da luz a modo de punto de partida do Nadal, cunha celebración familiar na que tamén se inaugurou a iluminación navideña do noso xardín.

Antes da celebración, os nenos e nenas do espazo lúdico fixeron as delicias das súas familias representando unha versión do Conto de Nadal de Charles Dickens. O chocolate e os churros pecharon unha bonita tarde pensada para compartir a luz que queremos ser.



Operación Quilo na USC

Un ano máis a OQ chegou co Nadal. Destacamos que nesta edición todas as facultades da USC sumáronse á recollida a través dun acordo co Servizo de Participación e Integración Universitaria.

A tope no Bosco Nadal

Os doce días de actividades do Bosco Nadal fixéronse con relativa normalidade malia ás dificultades da Covid. As dúas quendas de mañás sumaron 110 participantes entre os 4 e os 17 anos.



O Diamencer, xornada para abrir o Nadal

AMENCER- OURENSE

O mércores 22 foi un día completo co inicio da XIV edición de “Mañás de Nadal” e o reparto das toneladas de alimentos e xoguetes entre as 20 cáritas parroquiais de Ourense pola mañá.

Pola tarde, asemblea de animadoras e animadores de Amencer con formación, asemblea de Trisquel, reunións de programacións do segundo trimestre dos grupos de Saltimbanquis, Andaina e ADS... E para rematar, a tradicional oración e cea de Nadal coa comunidade salesiana, xa á noiteña.



Operación quilo con paixón pola vida



Día de recollida no Centro Comercial e nos de supermercados. Nos establecementos nos que non podemos poñer carriño para a recollida de alimentos e tamén no Centro Comercial, poñémonos ao longo dunha xornada de sábado para que quen queira “quilaborar” deixe os alimentos na caixa de recollida situada fóra.

Caixas para a recollida de alimentos en diversos puntos de moitas entidades “quilaboradoras”. Distribúese unha caixa co logotipo da OQ entre diferentes entidades para favorecer que se poida deixar nelas quilos de alimentos e/ou xoguetes.



“Peso x quilos”. Invitamos aos representantes das administracións públicas e das entidades cidadás, xuvenís, deportivas, empresariais e culturais da nosa cidade para converter o seu peso en quilos de alimentos.

Operación quilo con paixón pola vida



Carriños solidarios nos supermercados. Revestidos de carteis da OQ para que quen queira deixe neles algún(s) quilo(s) de alimentos non perecedoiros



Eventos deportivos. Nos adestramentos, partidos oficiais ou exhibicións pode levar algún(s) quilo(s) de alimentos e/ou xoguete



Empresas do ramo da alimentación, papelerías e xogueterías. Visitamos as empresas de alimentación, papelerías e xogueterías para animalas a "quilaborar" doando algo para a OQ.

Petos en establecementos comerciais. Nas barras de máis de 200 comercios e bares invítannos a botar unhas moedas.



Bizum. Modernizámonos! Así tamén se pode "quilaborar" enviando as achegas económicas por esta vía.



Pegada de carteis da campaña e reparto de "oitaviñas". Publicitamos a campaña colocando carteis en numerosos escaparates da cidade e distribuindo "oitaviñas" polas caixas do correo dos edificios.



Lazos en salóns de peiteado. Cando vou a un salón de peiteado pode "quilaborar" con 2€ e iso visibilízase poñéndome un laciño laranxa.



Báscula viaxeira. Unha báscula que visita entidades onde se poden pesar quen traballan nela e doan o seu peso en quilos de alimentos non perecedoiros.



Eventos culturais (MOTI, festivais...).

En festivais e en todo tipo de eventos pode participar "pagando" a miña entrada cun quilo de alimentos non perecedoiros

Mans e quilos para seguir dando Vida

ABEIRO - A CORUÑA



Como adiantabamos no número anterior, na campaña da Operación. Quilo deste ano axudamos a setenta familias que se atenden desde a Cáritas Parroquial e Juan Soñador da nosa obra.

Xunto coa axuda do colexio na recaudación de alimentos, produtos e diñeiro, destacamos tamén a colaboración dalgún supermercado do noso barrio así como o torneo de fútbol sala que puidemos sacar adiante pesa as trabas pola Covid.



Mañás de Nadal

Nestes días de vacacións con motivo das festas navideñas, preto de vinte rapaces e rapazas de Educación Infantil e Primaria participaron nas nosas "Mañás de Nadal" e nas colonias urbanas organizadas dentro do programa de CaixaProinfancia.



Conciliación do Nadal ao estilo salesiano

ABERTAL - VIGO

Rematou o 2021 coa décimo primeira edición das Mañás de Nadal en Abertal, con preto de 50 nenos e nenas. Obradoiros, música, baile e xogos de equipo foron algunhas das propostas que máis gustaron.

O Concello de Vigo chamou ás nosas portas para ampliar as posibilidades de conciliación no barrio de Coia. Concretamente, foi no pavillón das Travesas, un lugar coñecido polos preto de 150 nenos/as e 15 educadores/as, xa que alí celebramos o Campamento Urbano.



Asamblea de Vaivén

O equipo de animadores e animadoras de Alternativa Vaivén reuniuse o 18 de decembro para avaliar, formarse, para manter o estilo educativo salesiano, coller folgos na oración aberta e programar.

Máis de dúas toneladas

Máis de 2 toneladas de alimentos recollidas. Preto de 70 persoas voluntarias organizaron, clasificaron e transportaron a Cáritas todos os produtos que foron chegando ao longo do Nadal Solidario.



Gozando na pista de xeo

O grupo de adolescentes de Caixa-Proinfancia gozou dunha xornada de convivencia que comezou na pista de xeo de Samil e rematou na Sala de Xogos de Abertal.



Un Nadal apaixonado

ATEIBO- LUGO

O día 17 de decembro, os Saltimbanquis, Andaina e ADS pasamos a tarde celebrando xuntas/os.

Tivemos un momento de oración e realizamos diferentes xogos para celebrar a ledicia do Nadal e desexarnos felices festas.

Máis tarde, as mozas e mozos de Iniciación e Catecumenado, xunto coas animadoras e animadores e a comunidade salesiana de Lugo, celebramos a chegada do Nadal cun momento de oración no que compartimos a Luz da Paz de Belén; e un tempo de convivencia no que recibimos o noso "amigo invisible" e compartimos algúns doces propios desta época.



Badaladas nas mañás

Seguimos apostando por facilitar a conciliación familiar nas datas de vacacións. Nestas Mañás de Nadal conectámonos para as badaladas de fin de ano cos outros catro centros xuvenís de Galicia.

O albergue como centro de formación

FEDERACIÓN- ALLARIZ



Comezamos este novo ano, 2022, con novas propostas no albergue.

No mes de febreiro teremos a Gonzalo Volunteiro dando un obradoiro no que nos ensinará todo o que hai que saber para camperizar unha furgoneta.

Abordará dende a parte máis práctica de como montar todo o interior, ata a parte legal de como realizar os trámites precisa para convertila nun vehículo vivenda.

Ainda hai plazas disponibles aquí por se alguén quixera apuntarse.

Unha clase de ioga para California dende o noso patio



Seguimos recibindo xente no noso albergue dende orixes moi dispares. Aquí temos a Harris, que ven dende California, aproveitando o sol da tarde para dar a súa clase de ioga no exterior do albergue.

Os cinco centros conectados en fin de ano

FEDERACIÓN - OURENSE

Os cinco centros xuvenís que formamos a Federación quixemos estar todos xuntos para despedir o 2021. Para elo aproveitamos as actividades de conciliación familiar que temos en Nadal en todas as asociacións, chamadas "Mañás". Preto de 200 rapaces participantes nos conectamos virtualmente ás 12 da mañá para despedir o ano coas nosas tradicionais 12 badaladas. Foi un bo momento para vernos e ter festa compartida.



Participamos na Confederación Don Bosco



Un equipo de técnicos participou nunha formación sobre a mellora do impacto dos nosos proxectos.



Participamos con ilusión na primeira xuntanza online da recién estreada comisión estatal de Igualdade.

Na nosa axenda

- 27 xaneiro: Encontro inspectorial de coordinadores de Centros Xuvenís
- 31 xaneiro: Día de Don Bosco
- 5-6 febreiro: Asemblea de animadores de Catecumenado en Allariz

CampoBosco en Italia no mes de agosto

DELEGACIÓN DE PASTORAL XUVENIL - MADRID

Este verán, dende o 30 de xullo ata o 8 de agosto, vaise retómar a proposta de encontro formativo internacional do CampoBosco, visitando os lugares de Don Bosco en Italia, con participantes dos centros de Salesianas e Salesianos de España e Portugal.

Estamos convidadas a participar as animadoras e animadores dos nosos centros xuvenís, entre 19 e 30 anos de idade.

A inscrición estará aberta hasta o 23 de febreiro, e as prazas para a participación son limitadas. Se precisas mais información [preme aquí](#).



Campamentos IEF de verán

Campamentos de verán

Saltimbanquis datas: 24-26 xuño lugar: Gandarío prezo: 85€	Andaina datas: 3-10 xullo lugar: Castrelo (Cambados) prezo: 235 €	ADS datas: 10-17 xullo lugar: Castrelo (Cambados) prezo: 235 €	Iniciación 1 e 2 datas: 17-24 xullo lugar: Castrelo (Cambados) prezo: 235 €
Apaixonados PELA VIDA Ninguén sen campamento este verán Pregunta no teu centro xuvenil	Catecumenado 1º e 2º datas: 15-22 xullo lugar: Allariz prezo: 235 €	Catecumenado 3º e Postcatecumenado datas: 26-28 xullo lugar: sen determinar prezo: 75 €	preinscrición: Hasta o 28 de febreiro Prazas limitadas Protocolos COVID en todos os campamentos

organiza:

salesianos
SANTIAGO EL MAYOR

Delegación de Pastoral Juvenil

Federación de Campos Juveniles DON BOSCO CASTILLA Y LEÓN

FEDERACIÓN DE CENTROS JUVENILES DON BOSCO DE GALICIA

Apaixonados POLA VIDA



www.fedboscogal.org